



Guía Docente				
Datos Identificativos				2014/15
Asignatura (*)	Practicum II	Código	652G01035	
Titulación				
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Obrigatoria	36
Idioma	Galego			
Prerrequisitos	Para matricularse no Practicum II é necesario ter superados 120 créditos e mais o Practicum I			
Departamento	Composición Didácticas Específicas Filosofía e Métodos de Investigación en Educación Pedagogía e Didáctica Psicoloxía Psicoloxía Evolutiva e da Educación			
Coordinación	Mendez Garcia, Rosa María	Correo electrónico	rosa.mendez@udc.es	
Profesorado	Bas López, María Begoña Cano López, Pablo Castro Rodríguez, M ^a Montserrat Chao Fernandez, Rocio Cuevas Gonzalez, Lino Manuel Digon Regueiro, Alba Patricia Espineira Bellon, Eva Maria García De la Torre, Maria del Pilar Mendez Garcia, Rosa María Mendiri Ruiz de Alda, Paula Maria Peñamaría Ramón, Carmen Rivadulla López, Juan Carlos Rivas Barros, Isabel Rodriguez Lopez-Vazquez, Alfredo Sanchez Blanco, Concepcion Sandomingo Guntin, Alfonso Santorum Paz, María Rosa Sobrino Freire, Iria Suarez Brandariz, Roberto Vega Marcote, Pedro	Correo electrónico	begona.bas@udc.es pablo.cano@udc.es maria.castror@udc.es rocio.chao@udc.es lino.cuevas@udc.es patricia.digon@udc.es eva.espineira@udc.es pilar.gdelatorre@udc.es rosa.mendez@udc.es paula.mendiri@udc.es carmen.penamaria@udc.es juan.rivadulla@udc.es isabel.rivas@udc.es alfredo.lopez-vazquez@udc.es concepcion.sanchez.blanco@udc.es alfonso.sandomingo.guntin@udc.es rosa.santorump@udc.es iria.sobrino@udc.es r.sbrandariz@udc.es pedro.vega.marcote@udc.es	
Web	www.educacion.udc.es/index.php?pagina=practicum			



Descrición xeral	<p>CRÉDITOS E PRESENCIALIDADE</p> <p>Dos 36 créditos da materia (900 horas), o 48,8% son de carácter presencial (440 horas) e o 51,1% de carácter non-presencial ou de traballo autónomo (460 horas).</p> <p>Das 440 horas de carácter presencial, 420 horas desenvolveranse nas institucións colaboradoras (30 horas semanais), e as 20 horas restantes dedicaranse a sesións informativas e formativas, así coma a titorías na Facultade.</p> <p>O Practicum II constitúe a única materia a cursar no primeiro cuadrimestre do cuarto curso.</p> <p>CONTEXTUALIZACIÓN</p> <p>No curso 2009/10 iniciabamos o proceso de implantación duns novos plans de estudo acordes cos requirimentos do Espazo Europeo de Educación Superior, posto en marcha no ano 1999 coa Declaración de Bolonia. Esta declaración salientaba a importancia de reforzar o trinomio investigación-innovación-educación, para o que se propoñía como un fin básico mellorar a formación nos contextos das diferentes prácticas profesionais que a nosa lexislación recolle do seguinte xeito:</p> <p>¿Os títulos de grao teñen como finalidade a obtención por parte do alumnado dunha formación xeral, nunha ou varias disciplinas, orientada á preparación para o exercicio de actividades de carácter profesional? (art. 9.1), de tal maneira que considera a posibilidade de establecer prácticas externas que virían ¿reforzar o compromiso coa empregabilidade dos futuros graduados e graduadas, enriquecer a formación? [e] proporcionar un coñecemento máis profundo acerca das competencias que necesitará? (preámbulo do RD 1393/2007, de 29 de outubro, de ordenación das ensinanzas universitarias oficiais).</p> <p>O propósito central da materia denominada Practicum non será só poñer en relación a formación adquirida cos diferentes contextos profesionais propios da educación do século XXI, para facilitar que o estudiantado tome conciencia dos aspectos básicos das prácticas profesionais. Tamén se lle asignará un papel chave na formulación de problemas e cuestións importantes necesarias á hora da investigación, co obxecto de situar a práctica profesional no centro da formación e como elemento para ter en conta na organización do currículo. Trátase de que a reflexión sobre a práctica converta esa experiencia en fonte de aprendizaxe, incrementa a capacidade de aprender con autonomía e potencia a aprendizaxe reflexiva para avanzar na construción do propio coñecemento, tomar decisións, innovar, buscar recursos e traballar en rede, competencias básicas para as novas titulacións de grao que responden ás esixencias da educación do século XXI.</p>
-------------------------	--

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
Coñecer a organización dos centros en que se imparte educación infantil e a diversidade de accións que comprende o seu funcionamento	A19 A20 A31 A66		
Participar na actividade docente e aprender a saber facer, reflexionando desde e sobre a practica, e asumindo a necesidade de ir perfeccionándose e adaptándose aos cambios científicos, pedagóxicos e sociais	A23 A65	B1 B3 B8 B9 B15 B17	C4
Participar nas propostas de mellora e innovación nos distintos ámbitos de actuación que se poidan establecer nun centro	A23 A64		C4 C7
Promover e facilitar a aprendizaxe na primeira infancia, desde unha perspectiva global e integradora das súas diferentes dimensións (cognitiva, emocional, psicomotora e volitiva)	A5 A19 A21 A60 A61	B2 B4 B5 B7 B8	C4 C7 B12



Deseñar e planificar proxectos de aprendizaxe que atendan ás singularidades educativas das crianzas, a igualdade de xénero, a equidade e o respecto dos dereitos humanos e do medio	A21 A30	B12 B24	C4
Adquirir coñecemento práctico da aula e da xestión de recursos, espazos, tempos e agrupamentos	A59		
Coñecer e aplicar os procesos de interacción e comunicación na aula demostrando as destrezas necesarias para favorecer un clima de aprendizaxe e convivencia	A6 A60 A65	B23	C4
Desenvolver destrezas e estratexias de seguimento e xestión do proceso de ensino e aprendizaxe en contextos de diversidade	A61	B24	
Coñecer formas de colaboración cos distintos sectores da comunidade educativa, e desenvolver habilidades de traballo colaborativo e autónomo	A12 A29 A32 A66	B5 B16 B18	
Relacionar teoría e práctica coa realidade da aula e do centro, aplicando un pensamento crítico, lóxico e creativo	A62	B3	C7

Contidos	
Temas	Subtemas
Incidencia da organización das institucións educativas no funcionamento das aulas de educación infantil	<ul style="list-style-type: none"> - Repercusións na vida das aulas da estrutura e organización do centro. - Aspectos do funcionamento do centro a ter en conta á hora da programación docente. - Cultura de centro vs. cultura de aula.
A concreción do currículo da educación infantil de acordo coas características dos contextos e das culturas dos destinatarios	<ul style="list-style-type: none"> - Grao de coherencia e contextualización dos diferentes documentos do centro: Decreto de currículo, programación de ciclo e programación de aula. - O currículo como proxecto formativo, integrado e emancipador: as unidades didácticas, os centros de interese, os proxectos de aprendizaxe, etc.
A planificación didáctica e o deseño de unidades e proxectos de aprendizaxe comprensivos, globalizados e favorecedores do desenvolvemento integral das persoas	<ul style="list-style-type: none"> - O deseño disciplinar e interdisciplinar na educación infantil. - O deseño de proxectos de aprendizaxe contextualizados nos intereses do alumnado e que promovan a sostibilidade. - A planificación de tarefas simples e complexas atendendo á diversidade presente na aula.
O desenvolvemento curricular na aula de educación infantil como marco de referencia para a aprendizaxe ao longo da vida	<ul style="list-style-type: none"> - Principios de procedemento didácticos para a organización da vida na aula - Culturas escolares e procesos de comunicación emerxentes nas aulas - Usos críticos dos recursos e materiais curriculares na educación infantil - A titoría (individual/grupal) como elemento dinamizador e de conexión entre os centros e as familias - A avaliación de aprendizaxes como avaliación educativa e auténtica
A reflexión sobre a práctica realizada (observación e intervención) como ferramenta para a innovación e a mellora	<ul style="list-style-type: none"> - O interese pola avaliación do currículo deseñado e desenvolvido - Deseño de técnicas e estratexias de recollida de información para a reflexión sobre a práctica tomando como referencia os discursos dos mestres e dos alumnos - A elaboración de informes científicos portadores de liñas de mellora contextualizadas

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Portafolios do alumno	0	400	400
Análise de fontes documentais	0	60	60
Eventos científicos e/ou divulgativos	8	0	8
Seminario	10	0	10
Saídas de campo	420	0	420



Atención personalizada	2	0	2
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado			

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Portafolios do alumno	<p>É un cartafol ordenado por seccións, debidamente identificadas ou etiquetadas, que contén os materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumnado no Practicum ou o seu rexistro.</p> <p>O portafolios inclúe todo o que fai cada alumno/a, como apuntamentos ou notas, traballos, guías de traballo e o seu desenvolvemento, comentarios de notas, resumos, autoavaliacións, tarefas desenvolvidas, comentarios do seu progreso realizados polos titores etc.</p>
Análise de fontes documentais	<p>Empregaranse documentos bibliográficos relevantes sobre os diferentes contidos a que o Practicum II dá prioridade, como base para a análise e a reflexión sobre a diversidade de experiencias con que se entre en contacto nas institución educativas. É imprescindible entender a relación teoría-práctica e atender aos múltiples factores que inciden no desenvolvemento da intervención educativa, co obxecto de favorecer a construción dunha visión crítica das distintas formas de interpretar a realidade educativa.</p>
Eventos científicos e/ou divulgativos	<p>O alumnado asistirá a un evento científico e/ou divulgativo onde profesionais e expertos no ámbito da Educación Infantil presentarán experiencias innovadoras desenvoltas nesta etapa educativa. (8 horas)</p>
Seminario	<p>1. Sesión informativa inicial (2 horas). Información xeral para comentar e precisar a Guía docente, así como as pautas de carácter xeral, e orientar o alumnado acerca da súa decisión á hora de elixir institución colaboradora. Tamén se explicarán as funcións das diferentes persoas que van a titorizar o Practicum.</p> <p>2. Selección de centro (2 horas).</p> <p>3. Tres seminarios de titoría durante o Prácticum co profesorado titor (6 horas).</p> <ul style="list-style-type: none"> - Antes de incorporarse ao centro de prácticas o profesorado de Practicum, na data que se establecer, orientará o alumnado que titoriza cando menos sobre as seguintes cuestións: documentos que debe incluír no portafolios, lecturas imprescindibles e datas de entrega dos traballos solicitados, cronograma dos seminarios e calquera outra suxestión que estimar oportuna. - Durante a realización do Practicum terá lugar a posta en común do traballo feito ata o momento polo alumnado asignado a un/ha mesmo/a titor/a co fin de revisar a planificación proposta, formular e resolver as posibles necesidades e/ou conflitos percibidos. Trátase de seleccionar e analizar conxuntamente situacións ou procesos representativos do decorrer da práctica profesional. Tamén se comentarán os textos ou documentos seleccionados para este fin. - Ao finalizar a estada no centro, de seguimento para responder as dúbidas do alumnado que se titoriza no tocante aos documentos solicitados.
Saídas de campo	<p>Constitúen as prácticas pedagóxicas: 420 horas de permanencia na institución educativa durante as cales se realizarán tarefas de observación, análise de casos, colaboración en accións educativas cos profesionais da propia institución etc. Así mesmo realizarase o deseño dun proxecto de aprendizaxe que se desenvolverá e avaliará na súa totalidade, ou en parte, segundo o determine o titor/a da institución.</p>

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Saídas de campo	- O titor/a do centro supervisará e orientará o traballo de observación e recollida de información do alumnado durante a súa permanencia no centro.
Portafolios do alumno	
Análise de fontes documentais	- O/a Titor/a da Facultade realizará un primeiro contacto obrigatorio, previo á incorporación do alumnado ao centro. Este contacto servirá para constatar a recepción da documentación, comunicar a incorporación do alumnado e ultimar os trámites e acordos que foren necesarios.
Seminario	-O/a Titor/a da Facultade realizará os contactos que estime oportunos e necesarios co titor/a do centro durante o período do Practicum para o mellor desenvolvemento do mesmo. - Un dos contactos co centro terá obrigatoriamente forma de visita. - Alén dos seminarios de seguimento do Practicum, o profesorado titor da Facultade estará dispoñible no horario de titorías.

Avaliación		
Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Saídas de campo	O/a titor/a da institución colaboradora realizará a avaliación da implicación e actuación do alumnado no centro/aula.	40
Portafolios do alumno	O/a titor/a da Facultade realizará a avaliación do contido do portafolios cos seguintes criterios: -Capacidade de relación teoría-práctica - Dominio conceptual e capacidade analítica - Capacidade para relacionar ideas e accións - Capacidade de argumentar e fundamentar - Expresión escrita propia e claridade expositiva - Capacidade de descrición de escenarios, situacións e accións - Capacidade de autoavaliación e autocrítica Orixinalidade da proposta	40
Eventos científicos e/ou divulgativos	O/a titor/a da Facultade avaliará a participación do alumnado ao evento científico e/ou divulgativo cos seguintes criterios: - Asistencia a todas as sesións. -Calidade das achegas á hora de expoñer o contido das diferentes sesións así como a pertinencia e madurez das reflexión persoais ao respecto.	10
Seminario	O/a titor/a da Facultade avaliará a participación do alumnado nos seminarios cos seguintes criterios: - Asistencia a todas as sesións presenciais - Calidade das achegas á hora de expresar dúbidas razoables, expoñer ideas enriquecedoras e compartir experiencias de interese etc.	10

Observacións avaliación



a) Requisitos para superar a materia:

1. Para aprobar a materia será necesario superar os seguintes elementos da avaliación: practicas pedagóxicas e portafolios.

b) Elementos da avaliación que se poden recuperar na segunda oportunidade de avaliación (xullo):

1. As practicas pedagóxicas non poden recuperarse, polo que a cualificación obtida nas mesmas na oportunidade de xuño, mantense para a oportunidade de xullo. Isto supón que un suspenso nas mesmas na oportunidade de xuño implica a non superación da materia.
2. Os seminarios e as xornadas non se poden recuperar, polo que a cualificación obtida nos mesmos na oportunidade de xuño, mantense para a oportunidade de xullo.
3. O portafolios pode recuperarse, polo que o alumnado que non supere o portafolios na oportunidade de xuño terá a ocasión de melloralo para a oportunidade de xullo, conservando sempre as cualificacións dos demais elementos da avaliación.

c) Cualificacións:

1. A cualificación final será a suma das puntuacións obtidas en cada un dos elementos da avaliación segundo o seu peso respectivo.
2. No caso de non superar algunha das partes de obrigatoria superación da materia, a nota final será a nota da parte non superada.
3. Non realizar as practicas pedagóxicas estando matriculado na materia supón un Non Presentado.
4. Non presentar o portafolios tendo as prácticas pedagóxicas superadas supón obter como máximo a cualificación de 4 na materia, que se corresponde con un 10 nas prácticas pedagóxicas.

Fontes de información

Bibliografía básica

Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Recoméndanse os envíos dos traballos telemáticamente, e de non ser posible, nos documentos impresos non utilizar plásticos, elixir a impresión a dobre cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir borradores.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías